

# A esperanza da gloria de Deus

Hai un antes e un despois na nosa vida cando Cristo se cruza nela. Esta experiencia, tan patente nos conversos como San Paulo, a nós pódenos parecer afastada e estraña. Tantas veces expomos a nosa vida cristiá sen grandes decisións e sen grandes sobressaltos, con pasos cara adiante e cara atrás. Con todo, tamén nós necesitamos unha motivación sólida, un fundamento firme para a nosa esperanza.

E nisto non somos distintos dos conversos: a pedra angular da nosa esperanza é a mesma, Cristo Xesús, que nos puxo en paz con Deus (Cf. Rom 5, 1 - 11).

O tempo de Advento sitúanos con forza na senda da esperanza cristiá. A palabra Advento procede do latín *adventus*, que significa vinda: a vinda inminente de algo ou alguén que está para chegar e que, ademais, esperamos ardentemente.

O Advento é tempo de esperanza gozosa de que a salvación xa realizada en Cristo (Cf. Rom 8, 24 - 25) chegue á súa madurez e plenitude.

Convídvos a todos a vivir este tempo de esperanza. E fágoo lembrando aqueles consellos que nos dá o Papa Francisco na súa exhortación apostólica *Gaudete et exultate* cando nos di que «a santificación é un camiño comunitario, de dous en dous» (G. E., 141). Precisamos achegarnos aos nosos irmáns para avivar a nosa fe, sentir a súa proximidade e o alento da súa esperanza. Hai signos fermosos das nosas tradicións do Advento que nos poden axudar a crear espazos de oración nas nosas casas e nos nosos lugares de reunión. Especial coidado habemos de poñer estes días nas nosas celebracións litúrxicas, avivando a súa dimensión comunitaria. O papa Francisco lémbra-nos que «a comunidade está chamada a crear ese espazo teoloxal no que se pode experimentar a presenza mística do Señor Resucitado. Compartir a Palabra e celebrar xuntos a Eucaristía fainos máis irmáns e vains convertendo en comunidade santa e misioneira» (Ibid., 142).

Este camiño de esperanza no Advento percorrerémolo en catro semanas con catro domingos. Neles destacan de modo característico tres figuras bíblicas: o profeta Isaías, Xoán o Bautista e a Santísima Virxe, María de Nazaret.

Ao longo destes catro domingos podemos centrar a nosa celebración e a nosa oración naquelas dimensións do misterio cristián que pon de relevo o Evanxeo de cada un destes domingos.

## 1. Mc 13,33- 37: O Aduento como signo da esperanza de Cristo, Salvador.

O Advento é un tempo litúrxico propicio para afondar na esperanza cristiá, sobre todo en íntima conexión co anuncio cristián da salvación. E a esa luz analizar a situación esencial do home, a situación da que proveñen todas as súas contradicións e as súas esperanzas. O Evanxeo non é só unha comunicación de cousas que se poden saber, senón unha comunicación que comporta feitos e cambia a vida. Quen ten esperanza vive doutra maneira, ten a vida nova, a vida que salva.

## 2. Mc 1,1- 8: O Aduento como chamada á conversión da vida e da fe de cada cristián que se prepara para recibir a chegada de Cristo.

A vinda de Deus en Cristo esixe conversión continua. A novidade do Evanxeo é unha luz que reclama un pronto e decidido espertar do sono (Cfr. Rom 13, 11 - 14). O tempo de Advento é unha chamada á conversión en orde a preparar os camiños do Señor e a acoller a Aquel que vén. O Papa Francisco lémbra-nolo cando di que “a vida cristiá é un combate permanente. Requírese forza e valentía para resistir as tentacións do diaño e anunciar o Evanxeo” (Ibid.,158).

## 3. Xn 1,6- 8. 19- 28: O Aduento como anuncio de Cristo; como Xoán o Bautista, cada cristián está chamado a anunciar a vinda de Xesús.

Xoán o Bautista é o último dos profetas e encarna perfectamente o espírito do Advento. Como precursor do Mesías ten a misión de preparar os camiños do Señor (Cf. Is 40, 3), de anunciar a Israel o “coñecemento da salvación” (Cf. Lc 1, 77 - 78) e, sobre todo, de sinalar a Cristo xa presente no medio do seu pobo. Esta misión de Xoán o Bautista é a que o Papa Francisco nos pide continuar: “Soño cunha opción misioneira capaz de transformalo todo” (Ibid., 27).

“ Necesitamos unha motivación sólida, un fundamento firme para a nosa esperanza.

#### 4. Lc 1,26- 38: El Aduento como signo de alegría

A Anunciación de María acontece no contexto da máis doce ledicia: “Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo” (Lc 1, 28). É a alegría do Pai que abre o seu corazón cheo de amor para procrear o Verbo. Desde aquí pódense entender mellor as contundentes palabras do Papa Francisco: “A alegría do Evanxeo enche o corazón e a vida enteira dos que se atopan con Xesús. Quen se deixan salvar por El son liberados do pecado, da tristeza, do baleiro interior, do illamento” (E. G., 1).

#### María, corazón do Aduento.

O Aduento é o tempo litúrxico no que se pon felizmente de relevo a relación e a cooperación de María no misterio da Redención. Iso brota desde dentro da celebración mesma, especialmente na Solemnidade da Inmaculada Concepción, que non é unha paréntese ou unha ruptura da unidade deste tempo litúrxico. María Inmaculada é o prototipo da humanidade redimida, o froito máis espléndido da vinda redentora de Cristo. Como canta o prefacio desta festa, Deus quixo que ela fose o comezo e imaxe da Igrexa, esposa de Cristo chea de mocidade e de limpa fermosura.

Que María de Nazaret ilumine e bendiga este camiño de Aduento que xuntos comezamos e celebraremos.

Feliz Aduento para todos.

**+Luis Quinteiro Fiuza.**  
**Obispo de Tui-Vigo.**

